Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 10 de xuño de 2026, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de 133.783,76 con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Descuento	Importe líquido	Nombre	Texto Explicativo
F/2025/3083	19/12/2025	48,40	0,00	48,40	FUNDACION EMPRESA UNIVERSIDAD GALLEGA	FRA Nº 25 760; MOSTRAS POLICIA LOCAL
F/2025/3084	19/12/2025	72,60	0,00	72,60	FUNDACION EMPRESA UNIVERSIDAD GALLEGA	FRA Nº 25 761; COLECTORES MOSTRAS POLICIA LOCAL
F/2025/3062	17/12/2025	865,15	0,00	865,15	EXCAVACIONES PEREZ LOIS, S.L.	FRA.Nº 95; HORAS DE CAMION PLATAFORMA REALIZANDO TRANSPORTES DE MAQUINARIA
F/2025/3122	30/12/2025	45,30	0,00	45,30	MODESTO VAZQUEZ, S.L.	FRA Nº C2025- 1848; REPARACION MAQUINARIA

						OBRAS
F/2025/2801	05/11/2025	593,09	0,00	593,09	NEUMATICOS NEGREIRA S.L.	FRA Nº Emit- 1; REPARACION PINCHAZOS MAQUINARIA OBRAS
F/2025/2859	11/11/2025	378,73	0,00	378,73	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA. Nº 25/00281; MOTOR DE ARRANQUE E ENCENDIDO LAND ROVER C-4257-BD
F/2025/2860	11/11/2025	354,26	0,00	354,26	POSE CASAL, FRANCISCO JAVIER	FRA. Nº 2025/000197; ENGADIR ACEITE, TUBO SAE EN NEW HOLLAND T4 MATRICULA E4660BCV
F/2025/3033	12/12/2025	757,96	0,00	757,96	POSE CASAL, FRANCISCO JAVIER	FRA. Nº 2025/000227; REPARACION NEW HOLLAND T4 E4660BGV
F/2025/3082	19/12/2025	263,48	0,00	263,48	VIDAL FERREIRO SANTIAGO	FRA. Nº 178/2025; REVISION TACOGRAFO, REPARACION VEHICULO IVECO 4146 GFS
F/2026/12	12/01/2026	1.103,22	0,00	1.103,22	MAQUINARIA AGRICOLA NOROESTE, S.L.	FRA Nº 01FT 1187; REPARACION TRACTOR JOHN DEERE E9974BHM
F/2025/3002	05/12/2025	122,33	0,00	122,33	ALLWORK VESTUARIO LABORAL	FRA Nº 2025 3299; VESTIARIO PERSOAL OBRAS
F/2025/3101	23/12/2025	2.920,15	0,00	2.920,15	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4735131328; SUBMINISTRO VESTIARIO PERSOAL OBRAS
F/2025/2803	05/11/2025	100,62	0,00	100,62	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 25007933; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2025/2804	05/11/2025	334,76	0,00	334,76	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 2500776; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2025/2805	05/11/2025	26,34	0,00	26,34	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 25008178; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2025/2840	07/11/2025	43,03	0,00	43,03	COMERCIAL MANUEL LATA, S.L.	FRA. Nº 4503388/01; TAPONS 3/8GAS E TUBO SAE100R17 3/8
F/2025/2882	18/11/2025	120,01	0,00	120,01	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 25008684; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2025/2883	18/11/2025	988,57	0,00	988,57	IBERGRUAS, S.A.	FRA Nº Emit- 25110009; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2025/2992	04/12/2025	17,55	10,00	7,55	COMERCIAL MANUEL LATA, S.L.	FRA. Nº 4503746/01; TUBO SAE100R17 3/8, C2R
F/2026/52	16/01/2026	55,67	0,00	55,67	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 25009805; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2026/53	16/01/2026	47,07	0,00	47,07	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº Emit- 25009483; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS
F/2026/99	02/01/2026	100,43	0,00	100,43	HJC RECAMBIOS	FRA Nº 25000564; BATERIA REFORZADA 74 AH ALMACEN
F/2025/2700	18/10/2025	905,88	0,00	905,88	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	FRA Nº 5626202568001125; SUBMINISTRO EMULSION ASFALTICA OBRAS
F/2025/2728	25/10/2025	343,54	0,00	343,54	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	FRA Nº 5626202568001179; MEZCLA BITUMINOSA BACHEO
F/2025/2765	30/10/2025	1.004,04	0,00	1.004,04	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	FRA Nº 5626202568001201; SUBMINISTRO MEZCLA BITUMINOSA BACHEO
F/2025/2890	24/11/2025	920,20	0,00	920,20	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	FRA Nº 5626202568001288; SUBMINISTRO MEZCLA BITUMINOSA BACHEO
F/2025/2937	27/11/2025	558,50	0,00	558,50	COMERCIAL RIVAS S.L.	FRA. Nº 2400499; TUBO CORRUGADO CODO GRAVILLA CANTERA E CEMENTO
F/2025/2959	02/12/2025	495,50	0,00	495,50	FERLIÑO S.L.	FRA. Nº 1001270; ESPEJOS CONVEXOS, VALLAS MOVILES- OBRA CAMPO FUTBOL BASTAVALES
F/2025/3007	09/12/2025	204,66	0,00	204,66	CASTAÑO BASCOY AISLAMENTOS E	FRA. Nº V00114; PLACA ESCAYOLA GOTELE RECTO

					DECORACIÓN	
F/2025/3110	24/12/2025	358,84	0,00	358,84	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4735140877; MATERIAIS OBRAS
F/2025/2810	05/11/2025	2.106,82	0,00	2.106,82	PREFABRICADOS DE BANDEIRA S.L.	FRA Nº 23. 25; SUBMINISTRO ZAHORRA OBRAS
F/2025/3136	31/12/2025	509,05	0,00	509,05	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4735156520; MATERIAIS FERRETERIA OBRAS
F/2025/3137	31/12/2025	722,73	0,00	722,73	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4735156521; MATERIAIS DIVERSOS OBRAS
F/2026/1	12/01/2026	695,15	0,00	695,15	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 4735161364; MATERIAIS DIVERSOS OBRAS
F/2026/8	12/01/2026	31,20	0,00	31,20	FERRETERIA SINDO, S.L.	FRA Nº 01K 25000516; MATERIAIS FERRETERIA OBRAS
F/2026/17	12/01/2026	109,48	0,00	109,48	COMUCA S.L.	FRA Nº 202521006249; SUBMINISTRO TUBOS CANAL OBRAS
F/2026/102	02/01/2026	1.922,68	0,00	1.922,68	FERLIÑO S.L.	FRA Nº 1 001397; SUBMINISTRO MATERIAIS OBRAS CAMPO DE FUTBOL, OBRA INSTITUTO
F/2026/103	02/01/2026	60,23	0,00	60,23	COMERCIAL RIVAS S.L.	FRA Nº 2501638; CODO PEGAR, CEMENTO COSMOS SACO, TUBO PVC
F/2026/104	02/01/2026	60,86	0,00	60,86	COMERCIAL RIVAS S.L.	FRA Nº 2501662; CEMENTO COSMOS SACO 64 SACOS 16,17/12/2025
F/2026/109	09/01/2026	220,04	0,00	220,04	BOTICA DO CAMPO	FRA Nº 25FT 2086; MATERIAIS DIVERSOS OBRAS
F/2025/2874	15/11/2025	6.700,98	0,00	6.700,98	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ	FRA Nº FE2025- 93; PODA ARBOL EXISTENTE EN FONDO DE PISTAU
F/2025/2749	30/10/2025	17.450,55	0,00	17.450,55	ALCOMTE GALICIA, S.L.	FRA Nº FE25 91; LIQUIDACION OBRA SENDA CANTALARRANA A O CABO
F/2025/2884	18/11/2025	12.387,63	0,00	12.387,63	COSMALCA, S.L.	FRA Nº FE025 48; CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN DA OBRA MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS (POS+ 2024)
F/2026/133	03/02/2026	10,18	0,00	10,18	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990002; CANON SANEAMENTO CASA DA CULTURA - ANO 2025
F/2026/134	03/02/2026	20,33	0,00	20,33	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990010; CANON SANEAMENTO ESCOLA SABAXANS - ANO 2025
F/2026/135	03/02/2026	121,08	0,00	121,08	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990012; CANON SANEAMENTO ESCOLA INFANTIL - ANO 2025
F/2026/136	03/02/2026	1.226,35	0,00	1.226,35	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990001; CANON SANEAMENTO CEIP PEDROUZOS - ANO 2025
F/2026/137	03/02/2026	7,28	0,00	7,28	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990004; CANON SANEAMENTO LOCAL MUSICA - ANO 2025
F/2026/138	03/02/2026	61,35	0,00	61,35	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990002; CANON SANEAMENTO BIBLIOTECA MUNICIPAL - ANO 2025
F/2026/139	03/02/2026	18,88	0,00	18,88	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990005; CANON SANEAMENTO ESCOLA MUSICA - ANO 2025
F/2026/140	03/02/2026	7,57	0,00	7,57	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990006; CANON SANEAMENTO BASE GES - ANO 2025
F/2026/141	03/02/2026	7,86	0,00	7,86	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990007; CANON SANEAMENTO LOCAL LUAÑA - ANO 2025
F/2026/142	03/02/2026	21,20	0,00	21,20	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990008; CANON SANEAMENTO TELECLUBE LUAÑA - ANO 2025
F/2026/143	03/02/2026	153,00	0,00	153,00	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990009; CANON SANEAMENTO CAMPO FUTBOL LUAÑA - ANO 2025
F/2026/144	03/02/2026	14,82	0,00	14,82	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990015; CANON SANEAMENTO TEELECLUBE ONS - ANO 2025

F/2026/145	03/02/2026	14,53	0,00	14,53	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990017; CANON SANEAMENTO PISCINA SABAXANS - ANO 2025
F/2026/146	03/02/2026	6,12	0,00	6,12	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990011; CANON SANEAMENTO LOCAL VILAR - ANO 2025
F/2026/147	03/02/2026	64,68	0,00	64,68	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990016; CANON SANEAMENTO CENTRO SOCIAL - ANO 2025
F/2026/148	03/02/2026	6,70	0,00	6,70	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990019; CANON SANEAMENTO LOCAL SOCIAL BOULLON, - ANO 2025
F/2026/149	03/02/2026	8,44	0,00	8,44	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990026; CANON SANEAMENTO LOCAL MONTEBALADO - ANO 2025
F/2026/150	03/02/2026	49,80	0,00	49,80	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990013; CANON SANEAMENTO ESCOLA ANXELES - ANO 2025
F/2026/151	03/02/2026	9,31	0,00	9,31	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990023; CANON SANEAMENTO IGREXA SAN MIGUEL DE BOULLON - ANO 2025
F/2026/152	03/02/2026	46,61	0,00	46,61	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990025; CANON SANEAMENTO VIVENDA CORUXIDO - ANO 2025
F/2026/153	03/02/2026	43,13	0,00	43,13	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990014; CANON SANEAMENTO ESCOLA INFANTIL ANXELES - ANO 2025
F/2026/155	03/02/2026	6,70	0,00	6,70	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990018; CANON SANEAMENTO LOCAL SOIGREXA - ANO 2025
F/2026/156	03/02/2026	26,13	0,00	26,13	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990020; CANON SANEAMENTO LOCAL CONCELLO - ANO 2025
F/2026/157	03/02/2026	59,08	0,00	59,08	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990024; CANON SANEAMENTO LOCAL MONTEBALADO- ANO 2025
F/2026/158	03/02/2026	20,62	0,00	20,62	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990028; CANON SANEAMENTO NAVE OBRAS - ANO 2025
F/2026/159	03/02/2026	7,86	0,00	7,86	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº N 0125990027; CANON SANEAMENTO ALMACEN AGUIAR - ANO 2025
F/2025/3073	18/12/2025	22.827,36	0,00	22.827,36	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FRA Nº S 7650; AMPLIACION REDE ABASTECIMIENTO SANTA MINIA
F/2026/5	12/01/2026	513,26	0,00	513,26	ECOLIMSISTEM, S.L.	FRA Nº 2026 3; SERVIZO LIMPEZA E MANTENIMENTO COLECTORES SOTERRADOS - DECEMBRO E XANEIRO 2026
F/2025/2694	18/10/2025	5.770,84	0,00	5.770,84	INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA, SLU	FRA Nº F F001414; INSTALACION CADRO ALUMADO PUBLICO E COLUMNA GALVANIZADA OBRA LAMIÑO
F/2025/2695	18/10/2025	10.615,08	0,00	10.615,08	INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA, SLU	FRA Nº F F001415; INSTALACION 15 LUMINARIAS EN O CABO
F/2025/2696	18/10/2025	9.209,38	0,00	9.209,38	INSTALACIONES MYMELEC ENERXIA, SLU	FRA Nº F 001416; SUSTITUCIÓN LUMINARIAS E COLOCACIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA
F/2025/2995	04/12/2025	2.355,81	0,00	2.355,81	ENERGEA CONSULTING Y ASESORES S.L.	FRA Nº Emit- 25273; ALIMENTACION ELECTRICA / PROTECTOR CONTRA SOBRETENSIONS
F/2026/281	02/03/2026	304,00	0,00	304,00	VIGO BARREIRO FC. JAVIER Y MANUEL, S.C.	FRA Nº 2025/84; ROLLO HILO,FILTRO GASOLINA, MEMBRANAS CARBURADOR, BUJIA E SOPORTE AIRE
F/2026/97	02/01/2026	248,05	0,00	248,05	CALEMA SANTIAGO S.L.	FA Nº 25/1171 MANTENIMIENTO (CALDEIRAS GAS, GASOLEO) MES DICIEMBRE 2025 CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
F/2026/154	20/01/2026	188,65	0,00	188,65	EL TALLER DE	FRA Nº 27/2025; ADULTOS

					MARUSANA	SERVICIOS SOCIALES PINCELES,PINTURA,BISUTERIA
F/2026/107	07/01/2026	224,00	0,00	224,00	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 203/F2025/00000032; PROGRAMA +60 CONCELLO DICIEMBRE 2025
F/2026/106	02/01/2026	511,50	0,00	511,50	VIVAS DUQUE, AURELIS KENNY	FRA Nº 050, CELEBRACION FIESTA FIN DE AÑO (100 PERSONAS)
F/2026/132	15/01/2026	453,75	56,25	397,50	DIEZ RECHOU, HIPOLITO	FRA Nº 88/25; SERVICIO DE ANIMACION NOS ENCONTROS PARA A TERCEIRA IDADE O DIA 28/12/2025 NO POLIVALENTE
F/2026/280	27/02/2026	453,75	56,25	397,50	DIEZ RECHOU, HIPOLITO	FRA Nº 78/25; SERVICIO DE ANIMACION NOS ENCONTROS PARA A TERCEIRA IDADE O DIA 16-11-2025
F/2026/29	12/01/2026	24,32	0,00	24,32	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE25137021732391; SUBMINISTRO ELECTRIO URB. BALADO 9001 03 (COWORKING) - PERIODO 28.08.2025 A 29.09.2025
F/2026/73	26/01/2026	120,23	0,00	120,23	NATURGY CLIENTES S.A.U.	FRA Nº FE26390003592356; SUBMINISTRO GAS COWORKING - PERIODO 27.11.2025 A 21.01.2026
F/2026/15	12/01/2026	137,24	0,00	137,24	RURIS CDM	FRA Nº 1 1594; SERVICIO LIMPEZA LOCAL MONTEBALADO - DECEMBRO 2025
F/2026/165	26/01/2026	2.000,02	0,00	2.000,02	AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L.	FRA Nº MOD2025A12-0006; MICROBUS AO CENTRO MEDICO E MERCADILLO EN BRION.DECEMBRO 2025
F/2026/166	27/01/2026	1.289,86	0,00	1.289,86	LA INSTAL. SANITARIA FERNANDO PENA, S.L.	FRA Nº 215/025; SERVICIOS PRESTADOS NO CEIP PEDROUZOS MANTENIMIENTO E CONSERVACION CALDERA E ENERGIA SOLAR TERMICA
F/2026/194	14/01/2026	641,30	0,00	641,30	INSTALACION Y MANTEN. MIGUENS S.L.	FRA Nº 25257; ESCUELA DE SABAXANS REVISAR RADIARODR.SUMINISTRO Y COLOCACION
F/2025/3112	26/12/2025	1.400,01	0,00	1.400,01	GARCIA GIRAUT CANDIDO ALBERTO	FRA Nº A 23; VESTIARIO PERSOAL ESCOLA INFANTIL
F/2025/3139	31/12/2025	128,25	0,00	128,25	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	FRA Nº 168-1-12/59; PRODUTOS ALIMENTACION ESCOLA INFANTIL
F/2026/4	12/01/2026	100,79	0,00	100,79	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº A25 1499; PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA ESCOLA INFANTIL
F/2026/163	26/01/2026	418,00	0,00	418,00	AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L.	FRA Nº MOD2025A12-0005; TRASLADOS ESCOLA SABAXANS E ESCOLA DOS ANXELES-CENTRO SOCIAL
F/2025/3102	23/12/2025	1.172,49	0,00	1.172,49	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº Z25 4717; REFORZO SERVICIO LIMPEZA ESCOLA INFANTIL
F/2026/108	07/01/2026	4,68	0,00	4,68	M.A.F. 1-SANTIAGO, S.L.	FRA Nº A 38505; SERVICIO MENXARIA BIBLIOTECA
F/2026/160	20/01/2026	64,85	0,00	64,85	EL TALLER DE MARUSANA	FA Nº 26/2025; PINTURAS E PANELES DIBUJO MANUALIDADES NIÑOS
F/2025/2718	23/10/2025	255,31	0,00	255,31	ALQUINOIA ALQUIEL DE MAQUINARIA S.L.	FRA Nº 1 FA2500002546; ALUGUER VALLAS FESTAS SANTA MINIA
F/2025/3069	18/12/2025	220,85	0,00	220,85	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 250033; COPIAS ESCOLA DE MÚSICA
F/2025/2871	14/11/2025	1.597,20	0,00	1.597,20	OFICINA 360, S. COOP. GALEGA	FRA Nº Ofi360- 2025047; REALIZACION CONCERTO GISELLE
F/2026/100	02/01/2026	363,00	0,00	363,00	VAZQUEZ LEMOS, LORETO	FRA Nº 141/25; HONORARIOS POLO DESEÑO E REDACCION DO BOLETIN ALTAMIRA
F/2026/6	12/01/2026	121,00	0,00	121,00	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y	FRA Nº 1250650599; SGAE REPRESENTACION A LUZ DO DIA

					EDITORES	O 12.12.2025
F/2026/7	12/01/2026	53,64	0,00	53,64	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250650598; SGAE REPRESENTACION BULEBULE O 13.12.2025
F/2026/24	12/01/2026	13,75	0,00	13,75	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250653533; SGAE REPRESENTACION PRISCILIANO E GALLAECIA O 10.10.2025
F/2026/25	12/01/2026	53,64	0,00	53,64	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1250653532; SGA REPRESENTACION A BIBLIOTECA GALACTICA O 29.12.2025
F/2025/3123	30/12/2025	1.452,00	0,00	1.452,00	IGLESIAS REY JORGE	FRA Nº 1 184; MANTENIMIENTO CAMPO FUTBOL DE LUAÑA DECEMBRO 2025
F/2025/2934	27/11/2025	2.541,00	0,00	2.541,00	INSTALACION Y MANTEN. MIGUENS S.L.	FRA. Nº 25251; CAMPO DE FUTBOL BRION SUBSTITUCION TERMO ELECTRICO E MAN DE OBRA
F/2025/3100	22/12/2025	220,00	0,00	220,00	SANCHEZ TOLENTINO CLEOTILDE	FRA. Nº 20; CONSUMICIONS VARIAS
F/2026/76	27/01/2026	94,33	0,00	94,33	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.	FRA Nº F25 4766; CONTROL LEXIONELA - OUTUBRO 2025
F/2026/35	14/01/2026	139,03	0,00	139,03	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº 2026/35; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURENTANS LOCAL - PERIODO 29.05.2024 AS 28.02.2025
F/2026/45	15/01/2026	1.101,10	0,00	1.101,10	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº 126 2; SERVICIO MANTENIMIENTO LIÑAS TELEFONIA FIXA E MOBIL - DECEMBRO 2025
F/2026/10	12/01/2026	46,00	0,00	46,00	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4004546707; SERVICIO CORREOS XULGADO - DECEMBRO 2025
F/2026/11	12/01/2026	1.014,53	0,00	1.014,53	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4004561152; SERVICIO CORREOS - DECEMBRO 2025
F/2025/3121	29/12/2025	1.270,50	0,00	1.270,50	DEZASETE MEDIA S.L.	FRA Nº Emit- 463; PUBLICIDADE EN RADIO LIDER SANTIAGO CORRESPONDIENTE A LOS MESES OCTUBRE, NOVIEMBRE Y DICIEMBRE.
F/2026/16	12/01/2026	1.331,00	0,00	1.331,00	LA VOZ DE GALICIA S.A.	FRA Nº P25 010737; PUBLICIDADE EL COMARCAL - 24/DECEMBRO 2025
F/2026/223	21/01/2026	461,53	56,69	404,84	ESPIÑEIRA SOTO INMACULADA	FRA Nº AA-000143; HONORARIOS E GASTOS NOTARIAIS ESCRITURA DATA 12.06.2025
F/2025/2929	30/11/2025	333,81	0,00	333,81	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IFCV2511-1219; SERVICIO PREVENCIÓN E MEDICINA NO TRABALLO
F/2025/3015	10/12/2025	93,86	0,00	93,86	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2512-04005; RECOÑECIMENTOS MEDICOS PERSOAL
F/2025/3029	12/12/2025	46,93	0,00	46,93	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2512-04669; RECOÑECIMENTOS MEDICOS PERSOAL
F/2025/3050	16/12/2025	93,86	0,00	93,86	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2512-07747; RECOÑECIMENTOS MEDICOS PERSOAL
F/2025/3124	30/12/2025	46,93	0,00	46,93	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2512-16573; RECOÑECIMENTOS MEDICOS PERSOAL
F/2025/3135	31/12/2025	333,81	0,00	333,81	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IFCV2512-03108; SERVICIO PREVENCIÓN E MEDICINA NO TRABALLO
F/2026/66	23/01/2026	140,79	0,00	140,79	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2511-12028; RECOÑECIMENTOS MEDICOS PERSOAL
		133.783,76	179,19	133.604,57		

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente, así como ordenar o pagamento da relación por importe de 133.604,57 €.

Terceiro.- A aprobación deste recoñecemento extraxudicial de crédito quedará sometida a aprobación do expediente de modificación orzamentaria 8/2026, na súa modalidade de suplemento de crédito 1/2026.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE COAS COTAS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA, PARA O EXERCICIO 2026, POLA XESTIÓN DOS RSU.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.06.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 16.06.2026, que transcrita di:

ANTECEDENTES:

O 4 de maio de 1998 constitúese a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza que ten por obxecto a recollida de R.S.U e tratamento posterior.

Visto o disposto no artigo 15.1 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza", aprobados pola Asemblea Xeral na súa sesión do 17 de decembro de 1997, modificados polos acordos da Asemblea Xeral do 17 de xullo de 2002, do 14 de marzo de 2005 e do 26 de marzo de 2014:

As contribucións dos Concellos integrantes da Mancomunidade fixaranse anualmente para cada exercicio económico pola Xunta da Mancomunidade co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros e serán as seguintes:

- a) Cota obrigatoria: Para gastos xerais de administración. Esixirase en proporción ó número de habitantes de dereito de cada concello segundo a última rectificación do Padrón Municipal de Habitantes.
- b) Cota complementaria: En función do uso que cada concello realice do servizo prestado mancomunadamente.
- c) Cota extraordinaria.

Con data 19.12.2025 ten entrada neste Concello notificación do acordo adoptado pola Xunta Reitora da Mancomunidade en data 28.10.2025, co seguinte teor literal:

"Poño no seu coñecemento que a Xunta Reitora da mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza, o 28.10.2025, adoptou por maioría absoluta do número legal dos seus membros (6) e o voto en contra do Alcalde de Lousame, o seguinte acordo:

“1. As contribucións dos Concellos integrantes da Mancomunidade fixaranse anualmente para cada exercicio económico pola Xunta da Mancomunidade co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros e serán as seguintes:

a) Cota obrigatoria: Para atender os gastos xerais de administración da Mancomunidade. Esta cota esixirase a todos os Concellos integrantes da Mancomunidade e fixarase en proporción ó número de habitantes de dereito de cada Concello segundo a última rectificación do Padrón Municipal de Habitantes.

b) Cota complementaria: En función do uso que cada Concello realice do servizo prestado mancomunadamente.

Para a determinación de cota aplicarase o seguinte baremo, asignando a cada módulo unha porcentaxe:

- 1. Número de habitantes de dereito.*
- 2. Número de vivendas.*
- 3. Base imponible do IBI*
- 4. Tm de lixo recollido.*
- 5. Tm de clase de lixo recollido.*

As porcentaxes aplicaranse conxuntamente e serán aprobadas pola Asemblea Xeral ó principio de cada exercicio, a proposta da Xunta da Mancomunidade.

c) Cota extraordinaria, sobre os gastos extraordinarios, conforme ás bases que se aproben ó efecto.

2. As contribucións municipais terán o carácter de gastos obrigatorios de pagamento preferente.

3. As cantidades endebedadas esixibles pola Mancomunidade ós Concellos integrantes da mesma poderán ser retidas pola Comunidade de Galicia, a pedimento expreso da Xunta da Mancomunidade, de conformidade co que se estableza na súa lexislación con cargo ós fondos que, por calquera concepto, deba transferir ó Concello debedor.

Vista a necesidade de elaborar un orzamento para o exercicio 2025 que permita facer fronte aos gastos pola prestación do servizo e a anualidade correspondente a este ano do Convenio con FCC para o pago da débeda atrasada.

Visto que para dar cumprimento ao anterior é necesario aprobar unhas novas cotas que permitan o financiamento de todos os gastos.

Visto que é intención desta Presidencia dar cumprimento a todas as obrigas.

Vistos as porcentaxes propostas polos técnicos da Mancomunidade que obran no expediente.

Visto o informe da Secretaría intervención de data 25 de outubro de 2025.

Visto todo o anterior, a Xunta Reitora adoptou por maioría absoluta dos seus membros o seguinte ACORDO:

1º) Fixar os criterios de reparto seguintes:

- *Cota obrigatoria: se calcula de acordo á proporción do número de habitantes de cada Concello.*

- *Cota complementaria: se calcula de acordo cos cinco criterios regulados nos Estatutos do seguinte xeito.*

1. *Número de habitantes de dereito: 10%.*

2. *Número de vivendas: 10%.*

3. *Base impoñible do IBI: 10%.*

4. *Tm de lixo recollido: 70%.*

5. *Tm de clase de lixo recollido: a este criterio non se lle aplica un porcentaxe propio; non obstante, o criterio carto se aplicou tendo en conta a totalidade de clases de lixo recollido, tal e como queda recollido na folia excel que se acompaña a este expediente.*

- *Cota extraordinaria para facer fronte ao plan de pagos coa empresa prestataria do servizo FCC: os criterios propostos son os mesmos que se aplican á cota complementaria.*

2º) *Aprobar as cotas que se fixan neste expediente co seguinte resumo:*

Concello	Cota obrigatoria	Cota complementaria	Cota extraordinaria	Cota total
Ames	138.441,30	3.299.917,42	977.018,39	4.415.377,11
Brión	34.585,01	694.178,88	205.528,03	934.291,92
Carnota	15.944,46	486.483,66	144.034,96	646.463,09
Lousame	13.075,39	358.136,57	106.034,78	477.246,74
Muros	34.530,16	1.007.677,28	298.346,63	1.340.554,07
Noia	59.583,93	1.586.316,12	469.666,30	2.115.566,36
Pontecesures	12.965,69	430.871,30	127.569,61	571.406,60
Rois	18.387,39	448.267,79	132.720,25	599.375,44
Porto do Son	38.158,70	1.061.607,40	314.313,91	1.414.080,01
Total	365.672,02	9.373.456,44	2.775.232,88	12.514.361,34

Na Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza”,

Visto o Expediente de referencia, e consonte o disposto nos artigos 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 54 e seguintes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e nas bases de execución do Orzamento municipal, esta Alcaldía propón ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar e dispoñer o seguinte gasto correspondente coa anualidade da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza do exercicio 2026:

Concello	Cota obrigatoria	Cota complementaria	Cota extraordinaria	Cota total
Brión	34.585,01	694.178,88	205.528,03	934.291,92

SEGUNDO.- Deixar a aprobación deste acordo sometido á condición suspensiva de que entre en vigor a modificación orzamentaria número 8/2026, na súa modalidade de suplemento de crédito 1/2026.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que nós ímonos abster; son débedas que hai que pagar, que a mancomunidade leva bastantes anos con incumprimento dos seus estatutos, e non fixo caso as advertencias dos traballadores da planta e do propio BNG, que do obxectivo de reciclaxe e compost que se tiña, se pasa agora a Sogama, polo que non podemos votar a favor.

O Sr. Alcalde sinala que isto foi aprobado por unanimidade na mancomunidade e sabemos que houbo vinte anos de mala xestión e agora non queda outra que pagar, e o modelo da planta non se axusta á normativa vixente e por iso entrouse en Sogama.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que non se sabía da existencia da débeda porque non houbo asemblea xeral.

O Sr. Alcalde remata sinalando que a débeda ten que pagarse, porque o xulgado comezou a tramitar posibles multas coercitivas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.06.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 16.06.2026, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2025 a abril de 2026, que é do: 3,20%, polo que a actualización das tarifas será polo: 2,72%.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015, 03.08.2016, 16.08.2017, 16.08.2018, 22.08.2019, 11.08.2020, 16.12.2021, 10.08.2022, 04.10.2023, 21.08.2024, e 04.11.2025, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

1.2 -.TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,119558 € / m ³
Servizo de depuración	0,257989 € / m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,119558 € / m ³
Servizo de depuración	0,257989 € / m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	1,195597 €/abo. Mes
Depuración	2,579912 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,119558 € / m ³
Servizo de depuración	0,257989 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	440,99 €/ud
Zanxa en asfalto	492,27 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	553,04 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3), e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2026.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 1º trimestre de 2026, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

11º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2026.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2026, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

12º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

12.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR ACTUACIÓN PARA PALIAR AS INUNDACIÓN EN ALDEAS DO CONCELLO.

O Sr. Concelleiro Penas Corral da lectura á moción referenciada, que transcrita di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En diversas ocasións trouxemos a esta sesión plenaria os numerosos problemas de pluviais e inundacións que teñen que soportar a veciñanza de determinadas aldeas na parroquia dos

Ánxeles con demasiada frecuencia. Estes problemas acentúanse especialmente nos períodos de máis choiva pero durante o outono e inverno son demasiado frecuentes.

Todo e que son numerosos os lugares que se ven afectados polos defectos no drenaxe e as alturas das edificacións hai que destacar sobre todo os problemas que con certa regularidade teñen que soportar no Rial, O Cabo, Estrar e A Gándara. Problemas que foron e son comunicados regularmente ao concello pero que a data de hoxe seguen ser ter unha solución factible.

A situación endémica actual e previamente denunciada tense que sumar actuacións postas en coñecemento do concello dende o ano 2022 (xa con este grupo de goberno) no cal un propietario decidiu tapar un rego que cruza unha finca principal na evacuación de augas dificultando a mesma de per se xa complicada. Todos os aspectos técnicos foron denunciados pola veciñanza no ano 2023 mentres que a resposta “oficial” por parte do concello non chegou ata 2024 e despois de moitas insistencias por parte dos veciños. Un ano para valorar unha problemática máis que evidente. O concello, como saben incoan un expediente de reposición á legalidade sobre a empresa e a acumulación de entullos sen ter en conta máis temas como o caso das augas. Este expediente como saben, sen dúbida, caducou por falta de actividade do concello e a data de hoxe non sabemos máis nada.

Entendemos que a dimensión dos problemas que non soamente afectan aos drenaxes, inundacións, condicións climatolóxicas, construcións, limpeza dos ríos e das canles e beirarrúas precisan dunha análise polo miúdo tantos dos problemas como das posibles solucións a aplicar. En todo caso o silencio ou directamente culpar aos propietarios non é a solución. Todas e cada unha das vivendas existentes na zona teñen o permiso de edificabilidade concedido polos técnicos do concello e asinado polo alcalde que houbera en cada momento.

Trátase pois de que entre todos entendamos que esta problemática debe ter unha solución o máis urxente posible, o feito de habitar nunha ou outra parte do noso concello non pode ser un condicionante para ter que soportar ano tras ano situacións que derivan en consecuencias persoais e económicas para a veciñanza.

Por todo o exposto solicitamos do pleno desta corporación o seguinte acordo:

- 1º)** Establecer un comité de traballo técnico con todas as partes implicadas e na que necesariamente participen os representantes da veciñanza para avaliar a situación pasada e actual e configurar un informe definitivo das medidas a aplicar, as formas, as necesidades económicas e establecer un calendario coherente para aplicar as solucións propostas.
- 2º)** Instar a todas as administracións relacionadas que colaboren nunha solución, cada quen nas partes relacionadas. Xunta de Galiza, Augas de Galiza, Deputación da Coruña e sobre todo Concello de Brión que debe actuar dunha forma evidentemente máis activa do que ata agora fixo.
- 3º)** Informar en modo e forma á veciñanza de cada un dos pasos e propostas.
- 4º)** Exixir do concello maior axilidade a hora de actuar tanto nos expedientes en marcha como nas respostas a todos e cada un dos recursos veciñais.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que imos votar en contra, non polo contido da moción, que recolle unha problemática real, senón porque entendemos que o que propoñen non ten utilidade ningunha para os veciños e veciñas.

Este equipo de goberno leva moito tempo traballando, buscando e acometendo accións para paliar os problemas derivados das inundacións que se producen nestas aldeas. Actuamos naquelas zonas onde podemos, pois lémbrolles que gran parte das vivendas están construídas en zonas inundables, como ten declarado a Xunta de Galicia.

Dito isto, quero salientar que ese comité técnico que solicitan non ten sentido ningún porque este equipo de goberno xa ten contratada a unha empresa que se está encargando de deseñar as medidas que o Concello de Brión pode acometer na zona e as que se lle poden pedir a outras Administracións, e os veciños son conscientes disto porque xa teñen visto ao alcalde a ao concelleiro de obras sobre o terreo cos expertos, avaliando e propoñendo solucións. Porque non esquezamos que estamos falando dunhas áreas con risco potencial significativo de inundación, e que as competencias para actuar aló non son do Concello de Brión, senón de organismos como Augas de Galicia.

Din vostedes que o concello debe actuar dunha forma máis activa. Lémbrolle que levamos xa tempo colocando barreiras e facendo pequenas actuacións nas zonas nas que nos está permitido e que conseguimos minimizar os danos e as inundacións nas vivendas. Actuamos aló onde podemos, e adiántolle que unha das primeiras conclusións dos técnicos desa empresa propón un cambio na rede municipal de recollida de pluviais. Estamos estudando con eles a viabilidade técnica e económica desta actuación e, cando haxa unha decisión en firme, informaremos aos veciños e veciñas, como non pode ser doutra forma.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta, que vai votar o PP?

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que imos abstermos; quedaramos en que se ía facer unha moción conxunta BNG e PP cos veciños, pero o BNG presentouna en solitario; estamos de acordo en que hai que facer actuacións, pero que nós non somos técnicos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que púxenme en contacto con Waldo e efectivamente se me dixo que tiña falado cos veciños pero xa lle dixen que nós non levamos mocions co PP, sería contra natura, nós non traballamos así, e senón sabía que viña ao pleno podería ter vido ao concello a ver o expediente do pleno. Engade que en todo momento falamos de técnicos da Xunta e tamén da Deputación, sobre todo de Augas de Galicia, e como vostedes teñen bo trato co PP, sobre todo o alcalde, pois o poden adiantar. Xa co goberno do anterior alcalde presentouse un rogo ou pregunta ou moción sobre esta problemática e algunha vez se dixo é culpa túa por facer alí a casa.

O Sr. Alcalde sinala que nesas licenzas está o informe de Augas de Galicia onde saben que son terreos inundables, O Cabo é o máis inundable do concello; se lles dixo aos veciños, o concello canalizou, fixo beirarrúas, pavimentouse a estrada, axudamos o que podemos, e claro que o problema ven de tempos do anterior alcalde porque estivo moitos anos e claro que estaba aquí, a estes veciños antes de facer as vivendas se lles dixo que era terreo inundable e as fixeron; engade que o concelleiro de obras e máis eu estivemos nas últimas inundacións cheos de barro, traballamos todo o que podemos, podemos facer pequenas actuacións para intentar paliar o tema da auga.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o escrito dos veciños é do ano 2022 e respondeuse un ano despois; que debe exixirse á Xunta de Galicia, que cando cheguen as inundacións se

fagan os traballos necesarios para solucionar iso, que o PXOM o permite pero a normativa da Xunta posterior non.

O Sr. Alcalde sinala que nós preocupámonos dos veciños, vostede fala dun caso particular, e tramítase un expediente por exceso de recheo; o concello fai obras que benefician á xeneralidade, estamos a traballar continuamente, aínda que é moi bonito vir aquí e dicir que non se lle contestou aos veciños.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que levamos anos con isto, habería que sentarse con eles e dicirlles o que se pode facer.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Votos en contra: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda rexeitada a moción.

12.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A RECUPERACIÓN PÚBLICA DAS CONCESIÓNS HIDROELÉCTRICAS NO RÍO TAMBRE E A CREACIÓN DUNHA EMPRESA PÚBLICA GALEGA DE ENERXÍA.

A Sr^a. Concelleira Romero García da lectura á moción referenciada, que transcrita di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 17 de marzo de 2026, publicouse no DOG o anuncio de Augas de Galiza polo que se somete ao trámite de información pública o expediente de extinción do título concesional para o aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, titularidade de Naturgy Generación, S.L.U. Este procedemento, que afecta os concellos de Brión, Negreira e Noia, refírese aos saltos Tambre I, Tambre II e Tambre III, cuxa causa de extinción é o esgotamento do prazo concesional.

A lexislación establece que as explotacións hidroeléctricas non poden ter un prazo superior aos 75 anos. Unha vez extinguida a concesión, esta debe reverter á administración pública. Esta conxuntura ofrece unha oportunidade irrecusábel: recuperar a explotación directa destes recursos a través dunha empresa pública, garantindo que o beneficio do noso patrimonio natural sexa socialmente favorábel.

O contexto enerxético actual na Galiza amosa unha grave falta de planificación. O noso país xa superou o obxectivo estatal para 2030, cun 84% de produción eléctrica renovábel en 2024. Somos un territorio excedentario que exporta enerxía, mais que, no entanto, soporta todos os custos sociais, económicos e ambientais sen retorno ningún. A construción das centrais supuxo historicamente a perda de núcleos de poboación, a inundación de terras fértiles e o desprazamento de habitantes; unha carga pesada que Galiza levou até hoxe sen obter compensacións xustas.

A maioría dos concellos galegos acollen infraestruturas eléctricas, mais isto non reverte en riqueza local. Pola contra, prodúcense graves irregularidades e impactos que fan este modelo insostíbel.

Desde o BNG consideramos que os proxectos deben responder a unha estratexia planificada onde a enerxía se entenda como un ben público esencial. Para acadar este obxectivo, é

imprescindíbel a creación dun ente ou empresa pública que xestione a transformación enerxética con criterios de soberanía.

Así mesmo, cómpre advertir da opacidade que rodea o vencemento destas concesións. A falta de información documental fai que sexa imposíbel coñecer con precisión o estado de moitas centrais, polo que é ineludíbel realizar unha auditoría integral. A propia administración recoñece a existencia de concesións caducadas que seguen en mans privadas, unha situación intolerábel que debe corrixiarse de oficio.

Polo sinalado, o presente expediente de extinción no río Tambre debe implicar a reversión á administración para a súa xestión directa, con fins de utilidade pública e fomento da competitividade do noso tecido produtivo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galiza a reversión ao público do título concesional con destino a aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, titularidade de Naturgy Generación, S.L.U, nos concellos de Brión, Negreira e Noia (A Coruña) (clave 6/204/19).

Segundo. Solicitar á Xunta de Galiza a realización dunha auditoría a fin de determinar as concesións caducadas a día de hoxe e que seguen formalmente a ser explotadas por empresas privadas, iniciando de oficio os procedementos co fin de revertelas ao público.

Terceiro. Solicitar á Xunta de Galiza a creación dun ente público ou empresa pública que planifique e xestione a transformación enerxética entendendo a enerxía como un ben público que debe ser básico e esencial, e planifique sobre criterios de soberanía e sostibilidade no territorio onde estean implantadas.

Cuarto. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que imos votar a favor desta moción pola parte que atinxe ao Concello de Brión, que son os aproveitamentos hidroeléctricos no río Tambre; porque esta moción é unha vez máis unha moción xenérica que presentou o BNG no Parlamento de Galicia, que é o foro axeitado para este debate, non o Pleno de Brión.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a moción.

13º) ROGOS E PREGUNTAS.

13.1. Rogos e preguntas formulados polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE AS OBRAS NA ZONA DO TREMO.

Recibimos queixas de moitos veciños e veciñas, a maioría residentes na contorna do Tremo e aldeas, pero tamén os que utilizamos de forma habitual a estrada cara Bertamiráns, é dicir, toda Brión, da forma en que se están a realizar as obras, dos atrancos, das irregularidades no funcionamento dos semáforos de paso e sobre todo do estado en que está a quedar a incorporación dende a urbanización a Bertamiráns, con pouca visibilidade e evidente risco. Solicitamos un maior control e axilidade nas obras así como a colocación dun espello que permita aos usuarios a incorporación con moita máis visibilidade.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que todas as obras causan molestias, sobre todo cando se trata dunha vía principal, como é a Avenida do Tremo. Tomamos nota do rogo pero tamén temos que dicirlle que a empresa está a actuar de forma impecable, acometendo a obra por fases e a boa velocidade; nós tamén pasamos por alí e si, hai que agardar a que o semáforo se poña en verde, pero o sistema funciona perfectamente, e cando algunha ocasión os semáforos non funcionan, sempre hai persoal regulando o tráfico. Somos conscientes da petición do espello, pero tamén lle digo que a obra aínda está en marcha e a colocación da sinalización definitiva faise sempre na fase final.

2. SOBRE OS ORZAMENTOS MUNICIPAIS.

Traemos de novo esta pregunta que xa trouxemos nos plenos de febreiro e abril, neste último mes a voceira do equipo de goberno asegurou que si habería orzamentos este ano, o certo é que estamos no mes de xuño, na metade de ano, e o goberno en minoría co apoio gratuito do PP non foron capaces de traer ata este pleno un orzamento en tempo e forma. Pola contra seguen a utilizar os sucesivos modificados de crédito como substitución e non complemento do que ten que ser un orzamento municipal. Volvemos preguntar, e seguiremos ata que remate o mandato, pensan ou serán capaces de traer un orzamento para a súa negociación e atender as numerosas necesidades pendentes de xestionar froito da desidia?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que nós seguimos traballando coa previsión de que vai haber orzamentos municipais en 2026.

3. SOBRE A REVERSIÓN AO ESTADO INICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DA CORNANDA.

Hai máis dun ano trouxemos a este Pleno a queixa dos veciños sobre o proxecto para o campo da Cornanda, finalmente e grazas aos veciños e veciñas que previamente non foron consultados, paralizouse a instalación do "motocros", comprometendo o grupo de goberno tal e como constaba no acordo previo coa empresa promotora a que o campo e a contorna volvería ao estado inicial. Á data de hoxe, un ano despois todo segue igual que o deixaron, sen porterías, e en moito peor estado de uso do que estaba con anterioridade, que xa non era o máis acaído por outra parte. Cando pensan obrigar á empresa a que faga o que xa hai meses tiña que estar feito?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como xa lle dixemos no Pleno de outubro do ano pasado, ante a oposición amosada pola veciñanza de Cornanda, con data 29 de xullo se lle requiriu ao club o cese de actividade, e aí rematou o tema. As porterías serán colocadas cando teñamos persoal, estaban rotas e foron retiradas pola empresa.

4. SOLICITUDE DE DETALLE DE TODOS OS GASTOS DE PUBLICIDADE E PROPAGANDA.

Vai facer dous meses que se solicitou por rexistro un detalle de todos os gastos de publicidade e propaganda do último mandato. Así como o detalle na forma de contratación dos mesmos. Como ven sendo habitual, tanto con esta formación como, o que é peor aínda, cos propios veciños, non tivemos unha resposta en forma algunha. Cando imos poder dispoñer desa relación?

A Sr^a. Concelleira Cebreal Gómez sinala que como comprenderá, ningún dos presentes somos a persoa encargada de recompilar toda esa información. Non piden acceder a un informe ou a un expediente, que é algo sinxelo, senón unha detalle de todos os gastos de publicidade e propaganda de 3 anos e a forma de contratación dos mesmos. Como lle temos dito en moitas ocasións, ogallá tiveramos o persoal do que dispón o seu compañeiro na Deputación da Coruña, pero as administracións locais imos todas moito máis xustas; cando estea dispoñible, entregaráselles.

5. SOLICITUDE ADHESIÓN E SOLIDARIEDADE COAS TRABALLADORAS EN LOITA DE FROIZ E GADIS.

Solicitamos do Concello de Brión, tal e como xa fixeron concellos como Pontedeume ou Padrón, posicionarse claramente a favor da loita que levan a cabo as compañeiras traballadoras de Gadisa e Froiz na súa xusta reivindicación de melloras laborais e económicas máis que razoables e necesarias.

O Sr. Alcalde sinala que nós isto xa o tiñamos redactado con anterioridade, son casualidades que se dan.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González.